



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2022**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIROS/AS:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D<sup>a</sup> Beatriz Louro López.

### **Non asisten e se escusan:**

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

En Mesía, a 11 de febreiro de 2022, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### **1. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DE MESÍA PARA CLASIFICAR UNHA ÁREA DO TERMO MUNICIPAL COMO SOLO URBANO.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:



**“PROPOSTA AO PLENO  
APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DE MESÍA  
PARA CLASIFICAR UNHA ÁREA DO TERMO MUNICIPAL COMO SOLO URBANO.**

*En data 26/12/2012, por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Mesía, que incluía o sector de solo urbanizable S-03 ARS 03, no lugar de O Campo. Co obxecto do seu desenvolvemento, por acordo plenario adoptado en sesión de data 12/07/2013, aprobouse definitivamente o Plan Parcial do sector de solo urbanizable S-03 ARS 03.*

*En data 25/02/2016, en virtude de dúas sentencias o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anula tanto o PXOM de Mesía, no que incumbe ao sector de solo urbanizable S-03 ARS 03, como o Plan Parcial de dito sector.*

*En data 11/07/2017, por decreto de alcaldía adxudicouse á empresa “Estudio Técnico Galego, S.A.” o contrato de servizos de asistencia técnica e redacción da modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, no sector anulado.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, permitiu aos concellos elaborar unha ordenación provisional para determinados ámbitos, nos supostos en que “a declaración de nulidade de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística municipal ou dun decreto polo que se suspenda a vixencia da planificación urbanística municipal por unha sentenza firme supoña que recobre a súa vixencia un instrumento de planificación anterior que, segundo o que se establece nesta Lei, non responda á realidade urbanística existente no termo municipal, xurdida ao amparo do instrumento anulado.”*

*Ao abeiro desta posibilidade, e considerando a obsolescencia das normas subsidiarias do ano 1987 que recobrarían vixencia, por non responder á realidade urbanística existente no ámbito de referencia xurdida ao amparo do instrumento anulado, o Pleno do concello de Mesía, logo da tramitación do correspondente procedemento, en sesión celebrada en data 7 de febreiro de 2020, aprobou definitivamente o “Instrumento de Ordenación Provisional no lugar de O Campo”. Este instrumento anulouse por sentenza 00449/2021, de data 1/10/2021, da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sentenza non firme a data de hoxe.*

*Sendo necesaria a modificación puntual do PXOM no ámbito do solo urbanizable anulado, dotando da clasificación urbanística axeitada aos terreos afectados por razón de interese público, e tendo en conta así mesmo que o artigo 87.2 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, establece que o concello que aprobe instrumentos de ordenación provisional dos previstos nesta lei deberá aprobar inicialmente o novo instrumento no prazo de dous anos.*

*En data 14 de xaneiro de 2021 solicitouse á Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade co artigo 60.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, achegando o concello a tal efecto o documento ambiental estratéxico e o borrador da “Modificación puntual nº 1 do PXOM de Mesía para clasificar unha área do termo municipal como solo urbano”.*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000002

En data 28 de abril de 2021 recibíuse Resolución definitiva da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula o correspondente informe ambiental estratéxico, na que se resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación puntual, xa que non se prevén efectos ambientais significativos, publicándose dita resolución no DOG nº 89, de 12 de maio de 2021.

En sesión plenaria de data 24/08/2021 este concello aprobou inicialmente a "Modificación puntual nº 1 do PXOM de Mesía para clasificar unha área do termo municipal como solo urbano". O documento someteuse a información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicou no Diario Oficial de Galicia nº 170, de data 3/09/2021, e no diario "La Voz de Galicia" de data 25/08/2021, téndose presentado unha alegación: D. Antonio Sánchez Carro (29/10/2021, nº rex de entrada 20210000001857)

O expediente remitíuse á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resultando que en data 13/01/2022 recibíuse Informe emitido por esa Dirección Xeral relativo ao resultado do trámite previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acompañado dos seguintes informes sectoriais autonómicos favorables:

- Informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil, do 18/11/2021
- Informe do Servizo de Montes de A Coruña, do 14/12/2021
- Informe de Augas de Galicia, do 13/12/2021
- Informe do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación, en materia de solos contaminados da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, do 20/12/2021.
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do 03/01/2022
- Informe da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural na Coruña, do 10/01/2022.
- Informe da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, do 29/12/2021
- Informe do director do Instituto de Estudos do Territorio, do 12/01/2022.

Así mesmo, dita Dirección Xeral deu audiencia aos concellos limítrofes, recibindo resposta de todos eles: Ordes, do 26/11/2021, Abegondo, do 26/11/2021, Boimorto, do 13/12/2021, Curtis, do 28/12/2021, Carral, do 28/12/2021, Vilasantar, do 30/12/2021, Frades, do 3/01/2022, e Oza-Cesuras, do 07/01/2022.

Solicitados por este concello os informes sectoriais preceptivos esixidos pola lexislación vixente, foron recibidos todos eles de xeito favorable:

- Delegación do Goberno en Galicia (24/11/2021)
- Augas de Galicia (2/11/2021)
- Dirección General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual (Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital) (20/1/2022)

En data 2/02/2022 ten entrada neste concello o documento de aprobación provisional da "Modificación puntual nº 1 do PXOM de Mesía para clasificar unha área do termo municipal como solo urbano", elaborado por "Estudio Técnico Galego, S.A.", en base aos antecedentes descritos, incorporándose ao expediente os correspondentes informes emitidos polo técnico municipal e secretaría respecto da integridade documental do



*expediente, as actuaciónes administrativas realizadas e a conformidade do plan coa lexislación vixente.*

*Visto o ditame favorable da Comisión Informativa permanente de seguimento do PXOM celebrada en data 8/02/2022.*

*De conformidade cos artigos 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a “Modificación puntual nº 1 do PXOM de Mesía para clasificar unha área do termo municipal como solo urbano” segundo o documento elaborado por “Estudio Técnico Galego, S.A.”*

*SEGUNDO: Desestimar a alegación presentada por D. Antonio Sánchez Carro en base ao informe elaborado a tal efecto polo equipo redactor (Anexo V do documento), do que se dará traslado ao alegante, xunto coa notificación do presente acordo.*

*TERCEIRO: Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado á Dirección xeral de Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.*

*En Mesía, na data da sinatura electrónica. O alcalde Asdo./ Mariano Iglesias Castro.”*

Manifesta o Sr. López que ten un escrito dirixido ao grupo de goberno no que se recollen unha serie de cuestións:

¿Sábese cal foi a orixe do conflito? Resposta o Sr. Alcalde que trátase dunha edificación en solo rústico donde non estaba permitido realizala. O concello tratou de regularizala no Plan Xeral, por unanimidade de todos os grupos, e o Plan aprobouse definitivamente pola Xunta, pero houbo unha impugnación e varias sentencias anularon a clasificación do solo.

¿Intentaron poñerse en contacto coa persoa denunciante? Resposta o Sr. Alcalde que o concello non media entre particulares. É un tema xudicializado e o concello defende a súa posición no ámbito legal.

¿Sabería dicirme aproximadamente a canto se eleva o gasto en proxectos e demais xestións relacionados con dita denuncia? Resposta o Sr. Alcalde que tería que recopilar todos os datos de moitos anos.

¿En qué situación se encontra o solo industrial de Lanzá? É unha zona clasificada como urbanizable a desenrolar e tiven reunións coa entidade Solo empresarial do Atlántico con para ver si había posibilidade de desenrolo e financiación e estamos neso.

Engade o Sr. López que no seu escrito dirixido ao grupo de goberno se recolle, entre outras cuestións, que presentouse unha alegación en 2011 que si houbera sido atendida entón podía haberse solucionado o problema, pero en todo caso o noso voto vai ser favorable. Resposta o Sr. Alcalde que o escrito ten varias consideracións, o leerei e xa lle darei conta.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000002

O alcalde,  
D. Mariano Iglesias Castro.